



#OBXECTIVOSDEXUÑO. O MUNDO QUE QUEREMOS

RETO ANIMALISTAS DO VALLE-INCLÁN

Os nenos e nenas do CEIP Valle-Inclán traballamos para construír **o mundo que queremos**. Cada ano no **Club de Convivencia** propoñemos un reto.

Entre todos, o primeiro curso, conseguimos enviar 2.000 grúas de origami e dous desexos de corazón a Xapón, ao Parque da Paz de Hiroshima. Para elo a nosa inspiración foi a figura de Sadako Sasaki, unha nena que faleceu a consecuencia da bomba de Hiroshima. Grazas a este proxecto recibimos o recoñecemento da Fundación Atresmedia como mención de honra no Premio Grandes Iniciativas e o 2º premio de Boas Prácticas de Inclusión Educativa da Consellería de Educación.

O curso pasado curso o Club traballamos para que a crise do coronavirus non se volva a repetir polo que nos comprometemos a coidar o noso planeta. Por iso inspirámonos na **Premio Nobel da Paz Wangari Maathai** e o seu cinto verde en África.

Conseguimos facer un cinto verde no noso cole, e creamos un **viveiro**, como fixo Wangari, onde coidamos máis de 1.000 árbores que logo doamos a

Mancomunidad de Montes de Vigo . Tamén colaboramos coa fundación **Green Belt Movement** en Quenia, grazas ao mercadiño solidario de árbores que montamos no cole.

Este curso queremos axudar aos animais, como **David F. Attenborough**, recoñecido **naturalista británico** que leva moitos anos defendendo os dereitos dos animais. Para elo imos a colaborar con diferentes protectoras de animais, facendo unha campaña de recollida de produtos que precisan para desenvolver a súa labor.

Temos de prazo ata o 5 de xuño, **Día Mundial do Medio Ambiente**. Para ese día soñamos con ter 1.000 pequenas doazóns. O curso pasado queríamos 1.000 árbores, porque non este curso 1.000 doazóns?

Para iso precisamos a vosa axuda: necesitamos Lixivia, lixivia con deterxente, xabón para o chan, xabón multiusos, xabón de lavadora, suavizante, amoníaco, mantas, estropallos, baetas, fregonas, vasoiras, recolletores, luvas de fregar, bolsas e sacos de lixo, mantas, toallas e xornais.

Tamén precisamos: area para gatos, pensos e comida húmida, pipetas, colares antiparasitarios, todo para cans e gatos.

Axudádesnos a conseguir o noso reto? Facédenos chegar as vosas doazóns ao cole. Estaremos encantados e encantadas de recibilas.

Achegamos aquí uns vídeos sobre, **David Attenborough** e o **conto da Abella Zoom Zoom e o pole arco da vella**, unha historia que nos inspira a seguir loitando polo mundo que queremos. Traballaremos como auténticas abellas para facelo.

Somos abellas, polinizando o mundo.

🐝 A ABELLA ZUM ZUM E O POLE ARCO DA VELLA:

<https://youtu.be/zgTqAh3sOVU>

🐝 PEQUENO E GRANDE, DAVID ATTENBOROUGH:

<https://youtu.be/w7cY7x2KNco>

🐝 AXUDÁSNOS? https://youtu.be/_drG-wdK mz8

*Moita xente pequena, en lugares pequenos,
facendo cousas pequenas, pode cambiar o mundo.*

Eduardo Galeano.

Club de Convivencia, CEIP VALLE-INCLÁN

